CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

BASES REGULADORAS "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA"

1. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto desta iniciativa é dinamizar o comercio local e reactivar a actividade económica e social de Negreira mediante a concesión de subvencións directas aos establecementos adheridos, a través dun sistema de bonos desconto ao consumidor non nominativos.

O departamento de emprego do Concello de Negreira pon en marcha no presente ano 2026 unha nova iniciativa. "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA", mediante a emisión de Bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e demais comercios detallados no Anexo 2 destas bases, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local con motivo de dotar de liquidez aos negocios como motor de desenvolvemento económico, e para o mantemento e a creación de emprego a nivel local, axudándolles a sacar adiante os seu proxectos laborais e empresariais, que sendo transversais a todos os sectores, son vitais para a actividade económica.

Por este motivo, resulta imprescindible e necesaria a posta en marcha dun instrumento público.

2. ORZAMENTO

O Concello de Negreira destina ao programa un crédito de 9.000 € para a primeira convocatoria dos "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA". Este importe está cofinanciado pola excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

Emisión dunha partida de 900 bonos por valor de 10€ c/u. para compras iguais ou superiores a 20€.

O gasto correspondente financiarase con cargo ás partidas orzamentarias municipais destinadas ao fomento social do emprego para activación da actividade económica local.

3. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

Serán subvencionables as vendas realizadas polos establecementos adheridos nas que se empreguen os bonos municipais, os cales aplicarán un desconto ao cliente polo seu importe e serán posteriormente reembolsados polo Concello ao establecemento.

A finalidade destas axudas é facilitar medios aos negocios, para manter o tecido laboral do comercio existente no Concello de Negreira.

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

"BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA" é un canle para que os establecementos comerciais retallistas incluídos no Anexo 2 das presentes bases se adhiran ao programa a través da sede electrónica do Concello de Negreira, ou presencialmente.

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

Serán beneficiarios directos das subvencións os establecementos comerciais, detallados no Anexo 2 destas bases e que se adhiran ao programa, sempre e cando troquen correctamente os bonos recibidos polos clientes durante o período da campaña.

Os bonos comercio poderán usarse nos comercios adheridos á campaña a partir do día 9 de decembro ata o 31 de decembro de 2026 (ámbos inclusive).

5. SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA. REQUISITOS E PRAZOS PARA OS COMERCIOS.

5.1. Os establecementos que desexen adherirse ao programa "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA" deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter un establecemento comercial aberto no termo municipal do Concello de Negreira.
b) Estar dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE recollidos no Anexo 2 das presentes bases.
c) Estar exento do pago do Imposto de Actividades Económicas por aplicación do artigo 82.1.c) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Estes requisitos deberán cumprirse desde o momento en que se dan de alta no programa e ata a fin da vixencia do programa.

Os comercios deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados.

Non se admitirán nin se terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nestas bases.

O nome comercial e a localización dos establecementos retallistas adheridos ao programa faranse públicos na web: www.concellodenegreira.es, a partir do día 7 de decembro de 2026.

Quedan expresamente excluídos os entes públicos, as asociacións, fundacións, entidades sen ánimo de lucro, e aquelas empresas que formen parte dun grupo empresarial nos termos regulados

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

no artigo 42 do Código de Comercio. Tampouco poderán participar os establecementos que non cumpran coas condicións do punto anterior nin coa forma establecida nesta convocatoria.

A xestión dos fondos públicos asignados a campaña "Bono Comercio Local de Negreira"" levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:
a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

5.2. Os establecementos que desexen adherirse ao programa "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA" deberán rexistrarse a través da sede electrónica do Concello de Negreira e presentar a seguinte documentación:

– **Anexo I,** onde quede correctamente rexistrado os seguintes datos:

Nome e apelidos ou razón social.
Establecemento comercial (incluído no Anexo 2)
NIF ou CIF.
Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante (no seu caso).
Nome comercial.
Enderezo do establecemento.
Número de teléfono.
Correo electrónico.

- IAE. Certificado Tributario de IAE ou Certificado de Situación Censal no que se acredite o grupo/epígrafe do IAE correspondente a actividade desenvolta polo establecemento adherido.
Data de alta da actividade.

- Certificado de conta bancaria. (conta consignada para realizar os aboamentos que correspondan en función das vendas realizadas)

O prazo para adherirse ao programa abrirase o 27 de novembro de 2026, ás 09:00, e rematará o 7 de decembro de 2026, ás 14:00 h).

Poderán adherirse ao programa "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA" os establecementos comerciais detallados no Anexo 2.

O Concello de Negreira poderá comprobar ou, de ser o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Non se admitirán nin terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta convocatoria.

O nome comercial e localización dos establecementos adheridos ao programa "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA" farase público na web https://www.negreira.gal

Os distintivos acreditativos da participación ao programa "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA", estarán a disposición dos establecementos, no departamento de emprego do Concello de Negreira a partir do 04 de decembro de 2026.

Entenderase que os establecementos que non coloquen en lugar visible os distintivos renuncian á participación, quedando automaticamente excluídos da Campaña "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA".

Opcionalmente, a solicitude de adhesión ao programa poderase solicitarse presencialmente no departamento de emprego do Concello de Negreira, para todos os comercios que non teñan un certificado dixital, ou que teñan algunha dificultade para realizalo mediante a sede electrónica.

Neste suposto debera cubrir e aportar a mesma documentación, no mesmo prazo establecido ao efecto.

6. OBRIGAS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO

O establecemento adherido comprométese a, aportar, en tempo e prazo a documentación que lle sexa requirida dende o Concello.

Así mesmo os negocios adheridos deberán cumprir cos seguintes requisitos:

1.- Ter a disposición da clientela unha copia das bases para a súa consulta.
2.- Situar en lugar visible na entrada dos establecementos os Distintivos Identificativos da Campaña "BONOS COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA".
3.-Facer un uso responsable dos Bonos evitando calquera uso fraudulento dos mesmos.
4.- Solicitar o pagamento dos descontos ó Concello, no período establecido a tal fin, que iniciará o día 4 de xaneiro ás 09:00 e rematará o día 15 de xaneiro de 2027, ás 20:00.
Para solicitar o pagamento, o comercio deberá presentar o Anexo 3 (solicitude de pagamento xunto coa documentación referida no mesmo).

Unha vez o concello verifique o correcto troco do bono, reembolsará ó comercio o desconto aplicado.

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

7. FUNCIONAMENTO E SOLICITUDE DOS BONOS.

Establécese unha única modalidade de bono:
Bono cun Valor de 10 € (IVE incluído) c/u. para compras de 20 € ou superiores.

O bono terá a consideración de bono desconto para as compras e consumos realizados nos establecementos adheridos. (www.concellodenegreira.gal)

Cada persoa poderá solicitar e obter como máximo ata 2 bonos por DNI ou NIE (sempre orixinais); polo que so se poderá acumular un valor máximo de 20 € por persoa.

Os bonos non serán nominativos, podendo ser utilizados por calquera persoa.

O número Total de Bonos que se porán á disposición será de: 900 unidades. (10€ c/u)

O importe dos Bonos non consumidos non será recuperable.

O importe total de cada bono deberá gastarse **nun único establecemento comercia**l, e dicir, si se posúen dous bonos de desconto, pódense gastar en dous establecementos comerciais, un en cada establecemento, ou os dous bonos no mesmo establecemento e na mesma compra sempre que sexa superior a 40€ pero sen facer pagos fragmentados.

O importe da compra para poder usar o bono desconto será de 20 € ou superior.

O comercio descontará o importe do bono no momento da compra e gardará o bono orixinal co tícket correspondente para despois poder xustificalo ante o Concello e así solicitar o seu reembolso.

Os Bonos non son cambiables por diñeiro en efectivo.

No caso de que se produza unha devolución do produto, o establecemento deberá emitir un vale polo importe íntegro da compra, non sendo posible a devolución de diñeiro en efectivo.

O prazo límite para gastar os Bonos rematará o 31 de decembro de 2026 (este inclusive).

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

A adquisición dos Bonos será de forma presencial no **Auditorio Vello da Casa da Cultura** (entrada Rúa da Carreira de San Mauro nº11) dende o 9 de decembro ata o 11 de decembro de 2026 ou ata esgotamento dos mesmos. (8 de decembro festivo)

- O día 9 e o 10 de decembro de 2026; Expediranse por orde de entrada os bonos ás persoas empadroadas no Concello de Negreira. A partir das 9:00.

Cada persoa deberá vir provista co seu DNI ou NIE para comprobar ante o persoal que entrega os bonos a veracidade do seu empadroamento.

O horario será de 09:00 ata as 14:00.

Non se entregarán bonos a persoas que non estean presencialmente, nin a menores de 18 anos. (non se entregarán bonos por encargo, nin mediante chamadas de teléfono, nin outro medio que non sexa de forma presencial)

O día 11 de decembro de 2026 os bonos poderán ser adquiridos por calquera persoa, empadroada ou non, no caso de que aínda haxa dispoñibilidade dos mesmos. Sempre en horario de 09:00 a 14:00 e no mesmo lugar.

Da mesma maneira, non se entregarán bonos a persoas que non estean presencialmente, nin a menores de 18 anos. (non se entregarán bonos por encargo, nin mediante chamadas de teléfono, nin outro medio que non sexa de forma presencial)

Só se entregarán bonos en formato físico á persoa titular do Documento de Identificación que se exhiba no momento da adquisición. Queda prohibido adquirir bonos físicos por conta e/ou en representación de terceiras persoas distintas do titular do DNI.

Non se entregarán Bonos a menores de idade, nin mediante chamada telefónica ou solicitude telemática.

Só se entregaran 2 bonos por persoa.

Tendo en conta que a iniciativa pretende a dinamización e revitalización do emprego no Comercio Local e de Proximidade, queda excluído o gasto dos bonos comercio local de Negreira en alimentación nos Supermercados, Grandes Áreas Comerciais e venta ambulante.

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

8. DURACIÓN DA CAMPAÑA

A adquisición dos bonos comezará o día 9 de decembro do 2026, ás 9:00 h ata o seu esgotamento, ou de non esgotarse ata o 11 de decembro de 2026 ás 14:00.

O prazo límite para CONSUMIR os Bonos nos comercios adheridos empezará o día 9 de decembro de 2026 e rematará o 31 de decembro de 2026 (ámbolos dous incluídos).

9. PROCEDEMENTO DE TROCO DOS BONOS POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

Para levar a cabo o troco dos bonos, os establecementos participantes deberán achegar ó departamento de emprego do Concello de Negreira os bonos orixinais que recibisen, así como o tícket ou factura do gasto correspondente.

En tanto o pagamento mediante a aplicación do desconto correspondente e abono das cantidades descontadas aos establecementos adheridos, ten lugar con carácter posterior a xustificación.

O prazo para presentar a solicitude de pagamento dos bonos para o procedemento de abono será dende o día 4 de xaneiro de 2027 ata o 15 de xaneiro do 2027.

O Concello procederá ao aboamento das cantidades correspondentes a cada establecemento, mediante transferencia bancaria, que se realizará na conta bancaria facilitada polo establecemento participante, considerando o comercio como beneficiario directo da subvención.

Non se abonarán bonos falsificados, rotos, deteriorados ou presentados a partir da data límite para gastalos (31 de decembro de 2026).

O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE APARTAR PARA FUTURAS CONVOCATORIAS E DENEGAR A LIQUIDACIÓN DOS BONOS A AQUELES NEGOCIOS NOS QUE SE DETECTE UN USO FRAUDULENTO E LUCRATIVO DA CAMPAÑA.

10. GRAN SORTEO DO COMERCIO LOCAL

Para agradecer e agasallar a todas/os as persoas que participaron no BONO COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA, unha vez realizada a compra e aplicado o desconto, o comercio adherido

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

cubriralle á persoa un TICKET- AGASALLO onde se cubrirá o seu nome, apelidos, teléfono e un número para poder participar no gran sorteo do comercio local.

Unha vez cuberto o ticket - agasallo o comercio deberá SELALO para que quede correctamente validado o tícket – agasallo e apto para participar no Gran Sorteo do Comercio Local.

O comercio deberá comprobar que o número de tickets – agasallo debe coincidir en cada comercio co número de bonos desconto aplicados. E encargarase de entregar ditos tickets - agasallo ao Concello para poder participar no Gran Sorteo do Comercio Local.

Este sorteo, realizarase o **día 18 de Xaneiro de 2027, ás 11;00 na Radio Local Municipal, e** aquí sortearanse 3 premios:

1º Premio.- Premio en metálico de 200€.
2º Premio.- Premio en metálico de 100€.
3º Premio.- Premio en metálico de 50€.

Estes premios en metálico poderanse empregar única e exclusivamente para mercar en CALQUERA comercio situado no termo municipal, aquí non se terá en conta a actividade económica, tan só que sexa un establecemento comercial ubicado no termo municipal de Negreira.

Este premio en metálico, deberá gastarse **antes do 31 de xaneiro de 2027, ás 21:00 horas** e para poder cobralo a persoa gañadora do mesmo deberá acreditar que efectivamente o gastou no comercio local de Negreira, aportando os tíckets de compra dos comercios de Negreira realizados dende o día 18 de xaneiro ata o día 31 de xaneiro (ámbolos dous incluídos), e cubrindo o Anexo 4. Solicitude do regalo coa documentación sinalada no mesmo.

O prazo para poder solicitar o premio ante o Concello de Negreira será ata o día 20 de febreiro de 2027.

En Negreira, na data da sinatura dixital.

O alcalde.
Manuel Ángel Leis Míguez.

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Anexo I

SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO ESTABLECEMENTO Á CAMPAÑA «BONO COMERCIO LOCAL DE NEGREIRA»

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (TITULAR OU REPRESENTANTE)

Nome e apelidos: _____
DNI / NIE: _____
En calidade de: _____
Teléfono de contacto: _____
Correo electrónico:_____

2. DATOS DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL

Nome comercial do establecemento:_____
Razón Social:_____
NIF / CIF: _____
Enderezo do establecemento: _____
Epígrafe do IAE (Imposto de Actividades Económicas): _____
Sector de actividade: _____
Páxina web / Redes sociais (opcional):_____

3. DATOS BANCARIOS PARA O REEMBOLSO DOS BONOS

Titular da conta: _____
Código IBAN (24 díxitos):
ES __ __ __ __ - __ __ __ __ - __ __ __ __ - __ __ __ __ __ __ __ __ __ __ __ __

4. DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMPROMISOS

A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa responsabilidade:

1.- Que o establecemento cumpre con todos os requisitos legais esixidos para o exercicio da súa actividade comercial e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
2.- Que coñece e acepta integramente as bases reguladoras da campaña de dinamización do comercio local.
3.- Que se compromete a aplicar os descontos correspondentes aos bonos presentados pola clientela nas condicións establecidas, a colocar en lugar visible o distintivo identificativo da campaña e a xustificar correctamente as operacións realizadas para o seu posterior reembolso.

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

5. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Copia do DNI/NIE da persoa titular ou representante (e poder de representación, de ser o caso).
- Certificado de situación censal (Modelo 036 / 037) e alta no IAE.
- Certificado de titularidade bancaria da conta indicada.

SOLICITA:

Que se teña por presentada esta solicitude e se proceda á adhesión do establecemento arriba indicado á campaña **«Bono Comercio Local de Negreira»**.

En _____, a _____ de _____ de 2026.

Asinado:

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Anexo 2 (COMERCIOS QUE PODEN ADHERIRSE)

Anexo 2 - Epígrafes actividades comerciais		
AGRUPACIÓN	**GRUPO/ EPÍGRAFE**	**ACTIVIDADE**
65		**COMERCIO POLO MIÚDO DE PRODUCTOS INDUSTRIAIS**
	651.1	Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapicería.
	651.2	Comercio polo miúdo de toda clase de pezas para o vestido e tocado.
	651.3	Comercio polo miúdo de lenzaría e corsetería.
	651.4	Comercio polo miúdo de artigos de mercería e paquetería.
	651.5	Comercio polo miúdo de pezas especiais.
	651.6	Comercio polo miúdo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.
	651.7	Comercio polo miúdo de confeccións de peletería.
	652.2	Comercio polo miúdo de produtos de droguería, perfumería e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.
	652.3	Comercio polo miúdo de produtos de perfumería e cosmética, e de artigos para a hixiene e o aseo persoal.
	652.4	Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios
	653.1	Comercio polo miúdo de mobles excepto os de oficina.
	653.2	Comercio polo miúdo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso domestico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como de mobles de cociña.
	653.3	Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxería, adorno, agasallo ou reclamo incluíndo bixutería e pequenos electrodomésticos.
	653.4	Comercio polo miúdo de materiais de construción e de artigos e mobiliario de saneamento.
	653.5	Comercio polo miúdo de portas, xanelas e persianas, molduras e marcos, tarimas e parqué-mosaico, cestería e artigos de cortiza.
	653.6	Comercio polo miúdo de artigos de bricolaxe.
	653.9	Comercio polo miúdo doutros artigos para o equipamento do fogar non clasificados noutras partes
	656	Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, pezas e aveños ordinarios de uso domestico.
	657	Comercio polo miúdo de instrumentos musicais, así como dos seus accesorios.
	659.1	Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiis, insectos, cunchas, plantas e animais disecados.
	659.2	Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de maquinas e equipos de oficina.
	659.3	Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
	659.4	Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.
	659.5	Comercio polo miúdo de artigos de xoiería, reloxería, pratería e bixutería.
	659.6	Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e tocado, armas, cartuchería e artigos de pirotecnia.
	659.7	Comercio polo miúdo de sementes, abonos, flores e plantas e pequenos animais.
	659.9	Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse no epígrafe 653.9.
97		**SERVIZOS PERSOAIS**

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Anexo 2

Anexo 2 - Epígrafes actividades comerciais		
AGRUPACIÓN	**GRUPO/ EPÍGRAFE**	**ACTIVIDADE**
65		**COMERCIO POLO MIÚDO DE PRODUCTOS INDUSTRIAIS**
	972.1	Servizos de salón de peiteado señoras e cabaleiros
	972.2	Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética

A modo resumen das actividades económicas que entrarían na campaña de Bono Comercio Local Negreira.

Epígrafe 651: Comercio al por menor de produtos textís, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

Epígrafe 652: Comercio al por menor de medicamentos e produtos farmacéuticos: Comercio al por menor de artigos de droguería e limpeza; perfumería e cosmética de todas clases e de produtos químicos en xeral; comercio al por menor de herbas e plantas en herboristería.

Epígrafe 653: Comercio al por menor de artigos para o equipamento do fogar e da construción.

Epígrafe 656: Comercio al por menor de bens usados tales como mobles, prendas e enseres ordinarios de uso doméstico.

Epígrafe 657: Comercio al por menor de instrumentos musicais en xeral.

Epígrafe 659: Outro comercio al por menor.

Epígrafe 972.1: Servizos de peiteado de señoras e cabaleiros.

Epígrafe 972.2: Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética.

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Anexo 3.
(SOLICITUDE DE REEMBOLSO/PAGAMENTO DOS BONOS COMERCIO LOCAL)

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (TITULAR OU REPRESENTANTE)

Nome e apelidos: _____
DNI / NIE: _____
En calidade de: _____
Teléfono de contacto: _____
Correo electrónico: _____

2. DATOS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO:

Nome comercial: _____
Razón social: _____
NIF / CIF: _____
Enderezo do establecemento:_____

3. RESUMO DA LIQUIDACIÓN SOLICITADA

Período de liquidación: Do 09/12/2026 ata o 31/12/2026.
Número total de bonos trocados: _____ bonos
Importe total das vendas vinculadas aos bonos (IVE incluído):_____
_____ €.
IMPORTE TOTAL DO REEMBOLSO SOLICITADO (suma dos descontos aplicados):
_____ €

4. RELACIÓN DE OPERACIÓNS REALIZADAS

Data da venta	N.º ticket	Bono	Importe da compra	Desconto aplicado

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

6. DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

A persoa abaixo asinante **DECLARA** baixo a súa responsabilidade que os datos consignados son certos, que os descontos se aplicaron conforme ás bases da campaña e que o establecemento segue ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Documentación que se achega:

Copias dos tíckets ou facturas xustificativas das vendas nas que figura aplicado o desconto do bono.
Xustificantes de validación / troco dos bonos (se o sistema da campaña emite comprobante).
Certificados de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, ATRIGA e Seguridade Social.

SOLICITA:
Que se proceda á comprobación da documentación xustificativa presentada e ao aboamento do importe total de _____ **€** en concepto de liquidación dos descontos realizados na campaña **«Bono Comercio Local de Negreira»**.

En _____, a _____ de _____ de 2027.

Asinado:

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Anexo 4.
(SOLICITUDE REGALO DO GRAN SORTEO DO COMERCIO)

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DO PREMIO.

Nome e apelidos: _____
DNI / NIE: _____
Teléfono de contacto: _____
Correo electrónico: _____

2. RESUMO DA LIQUIDACIÓN SOLICITADA

Período de liquidación: Do 18/01/2027 ata o 31/01/2027.

IMPORTE TOTAL DO PREMIO SOLICITADO: _____ €

3. RELACIÓN DE TICKETS DE COMPRA XUSTIFICATIVOS.

N.º ticket	Importe compra	Comercio Local	

6. DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
A persoa abaixo asinante **DECLARA** baixo a súa responsabilidade que os datos consignados son certos, que as compras realizaronse en establecementos situados no termo municipal do Concello de Negreira.

Documentación que se achega:

Copias dos tíckets ou facturas xustificativas das compras realizadas no período establecido.
Xustificantes de pago das mesmas.

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

SOLICITA:

Que se proceda á comprobación da documentación xustificativa presentada e ao aboamento do importe total do premio de _____ **€** en concepto de premio do Gran Sorteo do Comercio Local.

En _____, a _____ de _____ de 2027.

Asinado:

CVD: tjUutWo7PJEhdLbSMqpT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodenegreira.es/